



Infestación de malas herbas nun cultivo de millo

Aspectos fundamentais que se deben ter en conta no control de malas herbas

Para lograr un manexo efectivo e eficiente, é importante considerar varios factores que poden influír na capacidade das estratexias de control das malas herbas. A continuación, preséntanse algúns aspectos fundamentais que se deben ter en conta antes de realizar os tratamentos herbicidas.

Manuel Barreiro

Representante de Vendas FMC

1. IDENTIFICACIÓN DE MALAS HERBAS

O control das malas herbas é un aspecto crucial na agricultura, especialmente nos cultivos en fileira, como o millo, xa que son cultivos pouco competitivos fronte a estas e afectan significativamente ao rendemento.

O primeiro paso é coñecer o historial de malas herbas da nosa parcela e identificalas correctamente. Existen diferentes especies (monocotiledóneas e dicotiledóneas), cada unha con características e ciclos de vida diferentes. Coñecer as especies presentes no campo é o inicio para planificar unha estratexia de control correcta, tendo como base os resultados obtidos nas últimas campañas.

2. MÉTODOS DE CONTROL

Existen diversas estratexias para o control das malas herbas, que se poden clasificar en métodos mecánicos, de cultivos e químicos:

- **Control mecánico:** a técnica de labrado en presemteira do millo permite reducir as poboacións de malas herbas presentes na nosa parcela. Dependendo da mala herba presente nesta época, o labrado deberá ser máis ou menos superficial. Este control mecánico posibilita diminuír a poboación de malas herbas desde o inicio, o que facilita o seu posterior control con herbicidas. Inclúe técnicas como a desherba manual, o uso de aixadas e a labranza. Estes métodos

son efectivos, pero poden ser laboriosos e requiren tempo.

- **Control de cultivos:** supón implementar prácticas como a rotación de cultivos, o atraso das datas de sementeira ou o aumento da densidade desta, entre outras. Estas prácticas permiten interromper o ciclo de vida das malas herbas e aumentar a capacidade do millo para competir con elas.
- **Control químico:** o uso de herbicidas é a opción máis xeneralizada no sector agrícola, pero debe facerse de maneira correcta, segura e eficiente, seguindo as recomendacións da etiqueta do produto. É fundamental elixir aqueles herbicidas específicos para as malas



► O USO DE HERBICIDAS É A OPCIÓN MÁIS XENERALIZADA NO SECTOR AGRÍCOLA, PERO DEBE FACERSE DE MANEIRA CORRECTA, SEGURA E EFICIENTE, SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DA ETIQUETA DO PRODUTO

herbas presentes, atendendo ás recomendacións de aplicación indicadas pola etiqueta e o noso asesor para obter os mellores resultados.

3. XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS (XIP)

O enfoque da xestión integrada de pragas (XIP) combina os diferentes métodos de control mencionados anteriormente para lograr unha xestión máis sostible e efectiva. Integrar dentro da nosa explotación estas prácticas mecánicas, de cultivo e químicas supoñerá un resultado máis exitoso do cultivo e, ademais, minimizará o impacto ambiental. En definitiva, trátase de diversificar todas as opcións dispoñibles durante a xestión do cultivo para minimizar os danos causados polas malas herbas, pragas e enfermidades.

4. CONDICIÓN CLIMÁTICAS

As condicións climáticas xogan un papel crucial no crecemento das malas herbas. No caso do millo, a maioría das que están presentes inician a súa xerminación cando a temperatura do solo comeza a aumentar na primavera. Coa chegada desta estación, determinadas malas herbas presentan un crecemento exponencial día a día. É importante monitorizar estas especies para axustar os momentos de tratamento en consecuencia e conseguir a eficacia desexada.

5. MONITOREO E AVALIACIÓN

As visitas ao campo son fundamentais dende o momento no que finalizamos a sementeira de millo na nosa explotación. Isto axudaranos a coñecer a nacemento do cultivo e a evolución da xerminación das malas herbas, o que nos permitirá realizar axustes nas estratexias de control e avaliar a efectividade das prácticas implementadas. Estas avaliacións no campo tamén nos facilitarán identificar problemas emerxentes, non só de malas herbas.

6. FORMACIÓN E CAPACITACIÓN

A capacitación dos técnicos, asesores e agricultores é un aspecto clave para un manexo adecuado do cultivo de millo. Na actualidade, coa falta urxente de activos, a carga burocrática no sector e as normativas vixentes, a capacitación do persoal involucrado no cultivo contribuírá á optimización, eficiencia e rendibilidade da explotación.

7. SOSTIBILIDADE E OPTIMIZACIÓN

É importante considerar o impacto ambiental das prácticas de control das malas herbas. Na actualidade, existen ferramentas dixitais que axudan a optimizar os tratamentos herbicidas, como o uso de imaxes satelitais, análise mediante *drons*, ferramentas en liña con prescricións en función das especies presentes e os seus estadios, así como a aplicación localizada de herbicidas.

8. TRATAMENTOS HERBICIDAS EN MILLO

Existen tres momentos de aplicación de herbicidas no cultivo de millo:

- **Tratamentos de preemergencia:** o seu obxectivo é formar unha barreira no solo que impida a xerminación das malas herbas. En Galicia, canto máis temperá é a sementeira, máis complicado é

o seu control, xa que o cultivo se desenvolve con maior lentitude. Nestes casos, recoméndase un tratamento de preemergencia, seguido dun tratamento de repaso se é necesario.

- **Tratamentos de postemergencia temperá:** aplícanse co cultivo na fase de 1 a 3 follas e as malas herbas en emerxencia. Combínanse herbicidas residuais con herbicidas de acción foliar, o que ofrece boas eficacias e prevén a aparición de novas poboacións. Ademais, permite aplicar insecticidas que protexen o cultivo de pragas.
- **Tratamentos de postemergencia tardía:** realízanse co millo e as malas herbas en estadios avanzados. Utilízanse herbicidas de contacto ou con parte residual. Non son recomendables debido á menor eficacia e ao “efecto paraguas” do millo.

9. CONCLUSIÓN

O uso eficiente de herbicidas é un desafío clave na agricultura actual. É fundamental identificar as malas herbas limitantes do cultivo de millo e actuar en consecuencia, valorando todas as alternativas posibles. A tendencia actual é favorecer os tratamentos en posemerxencia temperá, combinando herbicidas de acción radicular e foliar, o que demostrou ser unha estratexia eficaz e rendible para os agricultores. ■

